



ACTA N.º 2/2012
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 23 DE FEBREIRO DE
2012

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

I.2.- SOLICITUDE DE CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO EN NIGRÁN

I.3.- ANTEPROXECTO DE MELLORAS NA ETAP DE NIGRÁN

I.4.- RATIFICACIÓN DE ACORDO DA MANCOMUNIDADE DO MIÑOR SOBRE SERVIZO DO CENTRO DE DÍA

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PP:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.^a M.^a José Pino Fernández

- PSOE:

- D.^a M.^a Dolores Araujo Duarte
- D.^a M.^a Dolores Martínez Losada
- D.^a Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 23 de febreiro de 2012.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:03.
- *Hora de remate:* 12:00.
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16
- *Non asiste:* D. Juan Antonio González Pérez

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: non se producen
- b) Outras incidencias: non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I.- PARTE RESOLUTIVA**I.1.- ACTA ANTERIOR**

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 26 de xaneiro de 2012.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 16 de xaneiro de 2012 queda aprobada cos votos a favor dos 16 membros da Corporación, presentes.

I.2.- SOLICITUDE DE CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO EN NIGRÁN

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 13 de febreiro de 2012, formula ao Pleno a seguinte Proposta:

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten previsto acometer a obra de Construcción dun Punto Limpo en Nigrán ao abeiro do establecido no Decreto 4/2005, sobre colaboración técnica e financeira desa Consellería coas entidades locais en materia de xestión de residuos (D.O.G. N° 14, de 21 de xaneiro de 2005).



Tendo en conta a necesidade de evitar as negativas consecuencias ambientais que se derivan da inexistencia de tal servizo, e considerando que no espazo da estación depuradora de augas residuais de Nigrán existe unha zona non ocupada que podería destinarse a esta finalidade, propónse ao Pleno, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro. Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a construción e financiamento dun Punto Limpo en Nigrán.

Segundo. Comprometerse á posta a disposición, libres de cargas e gravames, de tódolos terreos necesarios, cos usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.

Terceiro. Renunciar expresamente a reter da achega do concello calquera taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

Cuarto. Comprometerse a asumir, unha vez recibidas as obras e previa comunicación da Consellería da Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia o seu mantemento e conservación.

Quinto. Facultar a Alcaldía para formalizar as actuacións necesarias para a execución do presente acordo, incluíndo a información sobre a súa titularidade e dispoñibilidade dos terreos sobre os que se pretende asentarse o Punto Limpo.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Refírese ao ditame favorable da Comisión Informativa e le a parte dispositiva da proposta. O punto limpo é fundamental para resolver un problema ambiental. Espera que sexa unha próxima realidade nun emprazamento que parece o máis idóneo. Trátase hoxe dun trámite preliminar, aínda que a Consellería xa está traballando nisto.

D. Ruben Rial Sánchez, do grupo socialista: O punto limpo é necesario, pero falta o informe da Intervención, sobre as repercusións económicas. Solicítárono por escrito e non recibiron resposta. Tamén a Xunta pide documentación que non se aporta. Por isto absteranse.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Coinciden na necesidade de contar con este servizo. Pediron publicamente que se puxese en marcha a raíz dunha promesa da Alcaldía. Agora iniciase, aínda que con certo atraso. Bota en falta informe de Intervención, ou un plano de situación. É un acto de fe á hora de facultar á Alcaldía para facer o que falta. Por iso absterase.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: A iniciativa é boa, a pesar das carencias documentais. Votará a favor. Na súa etapa de Concelleiro desta área xa se redactara un anteproxecto, que non saíu adiante. Esperan que o financiamento sexa do 100%. Non se fixeron certos informes, pero, no fondo, non pode pararse a actuación.

Sr. Alcalde-Presidente: Agradece o apoio de UCN. O expediente está empezando. O informe

económico pódese emitir nunha fase posterior. A Consellería debe responder a esta solicitude. O financiamento do establecemento será ao 100 por 100, non así o mantemento, que será a cargo do Concello. Este goberno leva traballando meses nisto. Buscouse un emprazamento que non custase cartos ao Concello. Aínda hai que formalizar a cesión notarial dos terreos por Zona Franca. Facultar ao Alcalde é o normal, para que xestione o financiamento ao 100% e para formalizar as cesións.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.3.- ANTEPROXECTO DE MELLORAS NA ETAP DE NIGRÁN

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 13 de febreiro de 2012, formula ao Pleno a seguinte Proposta:

Segundo comunicación recibida do organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, que tivo entrada o 17 de xaneiro de 2012 (n.º 604), no Plano Hidrolóxico de Galicia, e no período de planificación nel previsto, inclúense actuacións a realizar neste Concello correspondentes ás obras de melloras na ETAP de Nigrán -clave n.º OH 236.905-, cun orzamento de execución por contrata de 1.115.443,83 €, e unha aportación municipal do 10 % do orzamento, é dicir, 111.554,38 €.

De conformidade co interesado na referida comunicación e vista a documentación que a acompaña, entre a que figura o documento denominado *Anteproxecto de melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)*, e tendo en conta as previsións do Decreto 84/1997 (DOG 24-04-1997), propónse ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1º.- Resolver (ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) os reparos formulados polo Interventor Municipal no seu informe do 16-02-2012, rfa. T 15/12.

2º.- Aprobar o documento técnico denominado *Anteproxecto de melloras na ETAP de Nigrán (Pontevedra)*

3º.- Solicitar, á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 90% do custo das obras.

4º.- Disponibilidade dos terreos. Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización destas. En consecuencia, mediante o presente, o Concello pon a disposición de



Augas de Galicia os terreos e auga necesarios, libres de cargas e gravames, para a execución das obras.

5º.- Renunciar expresamente á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

6º.- Que se expoña ao público a documentación técnica aprobada durante 20 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, remitíndose ao Organismo Autónomo Augas de Galicia un certificado do Secretario do concello co seu resultado. Tamén se lle remitirá informe sobre as alegacións presentadas, de producirse estas.

7º.- Comprometerse a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

8º.- Asumir o compromiso da actualización das tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ao custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización (Art. 9f. do Decreto 84/1997).

O incremento de tarifas, debido o termo "amortización das instalacións construídas", calcularase tendo en conta as seguintes consideracións:

1. Considerarase como inicio do período da amortización a data da saída da comunicación na que se lle indique ao Concello que ten a obra preparada para a súa recepción.
2. O valor a amortizar será o custo final da infraestrutura de ABASTECIMENTO (incluíndo, no seu caso, modificados e liquidación das obras) que lle será comunicado ao Concello no mesmo escrito.
3. O tipo de xuro, a considerar para o cálculo das anualidades que deberán repercutir nos prezos do m³., será fixo no tempo, e corresponderase co EURIBOR na data do escrito xa mencionado no parágrafo 1. O período de amortización será de 20 anos.
4. A fórmula a empregar para o cálculo das devanditas anualidades será a seguinte:

$$a = \frac{C \cdot r (1 + r)^{20}}{(1 + r)^{20} - 1}$$

onde:

C = Custo total da obra

r = xuro

a = cantidade total a incrementar nos prezos

5. O incremento do prezo deberá ser aprobado antes do inicio da explotación da infraestrutura.

6. Da anualidade total, o 30 % ingresarase na Caixa de Augas de Galicia, e o 70 % restante aplicarase á realización de obras de infraestructuras hidráulicas a cargo do Concello.

NOTA: No caso de que o incremento do prezo da auga resultante fose moi elevado, poderáse optar pola súa modulación, en función da renda relativa municipal (táboa n.º 1 do anexo), do factor corrector a aplicar ao incremento do prezo (táboa n.º 2 do anexo), e durante o tempo que resulte (táboa n.º 3 do anexo). [O anexo é o que acompaña á citada comunicación de Augas de Galicia]

9º.- Comprometerse a ingresar o trinta por cento (30 %) da anualidade, calculada de acordo coa metodoloxía sinalada, na Caixa de Augas de Galicia, ao longo dun período de vinte (20) anos, e que se destinará á reposición de infraestructuras hidráulicas ou á construción doutras novas.

10º.- Comprometerse a achegar a Augas de Galicia, como máximo, a cantidade total fixa de 111.554,38 €, correspondente ao 10 % da parte do presuposto das obras que financiará o concello, coas seguintes anualidades:

- Ano 2012: 55.777,19 €
- Ano 2013: 55.777,19 €

11º.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para solicitar o financiamento, como mínimo, do 90 % do orzamento das obras, para realizar as xestións necesarias que permitan reducir a aportación municipal, e para levar a cabo as demais actuacións que requira a execución deste acordo.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: É unha cuestión fundamental para o Concello. Presentarase un anteproxecto coas liñas básicas para conseguir un tratamento de 200 litros/seg; necesidade que recalca o informe de Augas de Galicia sobre o PXOM. Trátase de iniciar a actuación e conseguir unha menor achega á prevista en etapas anteriores. Buscarase a posibilidade de reducir a achega municipal.

Dña. Dolores Martínez Losada, do grupo socialista: Hai necesidade desta mellora. Augas de Galicia vai requirir, ademais da achega do 10 por 100, a devolución do investido, durante 20 anos. Quen debe financiarlo é a Xunta e Zona Franca. Piden que retire o punto e que non se cargue con isto aos cidadáns de Nigrán.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Preguntoulle ao equipo redactor do PXOM sobre a suficiencia do abastecemento, e parece que non se valorou a repercusión de Porto do Molle. Está de acordo na necesidade, pero non na forma de asumilo o Concello. Zona Franca vende terreos a prezo de ouro e os veciños corren cos gastos, co incremento das tarifas. Zona Franca ten que facerse cargo da parte que lle corresponde ao Concello.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Aínda sendo importante o reforzo da infraestructura de abastecemento, unha das causas é a actuación de Porto do Molle. A LOUGA esixe que se financie o reforzo polos promotores de tales actuacións de urbanización. Outros



gobiernos anteriores deberon prever isto, e o actual ten que xestionar o problema. Na súa etapa como responsable desta materia chegárase a un acordo de financiamento do autonómico do 100%. A capacidade da planta non responde a previsións do anterior proxecto da Xunta, que agora debería asumir as consecuencias da súa intervención naquela contratación. Non cabe aceptar as pretensións económicas da Xunta, dadas as súas responsabilidades, e agora tamén as de Zona Franca. Non van apoiar a proposta nestes termos. Deberían deixar o asunto sobre a mesa.

Sr. Alcalde-Presidente: A competencia no abastecemento é do Concello, sen prexuízo de asinar convenios con outra administración ou compartir o financiamento. Este goberno atopouse co problema e pode optar por seguir sen facer nada, ou xestionar a solución acudindo neste caso a Augas de Galicia. A participación económica está regulada legalmente, e os recursos públicos proceden dos tributos que se cobran aos veciños. O problema vaise agravar coa posta en funcionamento de Porto do Molle. O goberno municipal do PSOE non resolveu o problema. Os informes determinan a necesidade de facerlle fronte. Na proposta facúltase ao Alcalde para xestionar a redución da achega. Aí están incluídas as xestións coa Zona Franca para que aporte o que lle corresponda. O goberno asumirá a súa responsabilidade.

Sra. Martínez Losada: O PSOE non pretende que se aprace indefinidamente, senón que primeiro se xestions e despois se presente a proposta.

Sr. Rodríguez Fernández: Pensa que Zona Franca ten obriga de pagar e hai que esixirullo. De deixalo sobre a mesa sería para xestionar o financiamento con Zona Franca.

Sr. Fernández Comesaña: O convenio coa Zona Franca da a posibilidade de reclamarlle o reforzo da infraestrutura. Trátase de que Zona Franca e a Xunta asuman a totalidade. Isto é o razoable. Está sería a razón para deixalo sobre a mesa.

Sr. Alcalde-Presidente: A esixencia a Zona Franca está implícita na proposta, ao tempo que se pide o financiamento do 90%, polo menos. A xestión coa Zona Franca xa se puido facer antes. O primeiro é pechar o compromiso con Augas de Galicia. No decreto do ano 97, que se cita no acordo, contempla o cofinanciamento.

Sr. Fernández Comesaña: Se non se cambia a proposta absterase.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PP.
- Votos en contra: 6; PSOE e o Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- RATIFICACIÓN DE ACORDO DA MANCOMUNIDADE DO MIÑOR SOBRE SERVIZO DO CENTRO DE DÍA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 13 de febreiro de 2012, formula ao Pleno a seguinte Proposta:

A Xunta da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor, mediante acordo de 27 de decembro de 2011, decidiu asumir a xestión mancomunada do centro de día sito no municipio de Baiona.

O art. 15 dos estatutos da mancomunidade esixe a ratificación expresa, por cada un dos Concellos mancomunados, de determinados acordos da Mancomunidade, entre eles, os que non teñan por obxecto o cumprimento dos fins asumidos pola mesma; os que supoñan achegas de carácter extraordinario por parte dos municipios mancomunados ou os de modificación das porcentaxes sinaladas para os de carácter ordinario.

Tendo en conta o sinalado, e visto o contido do referido acordo, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Ratificar de forma expresa, no que se refire ás competencias deste Concello, o acordo da Xunta da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor do 27 de decembro de 2011 sobre o servizo mancomunado do centro de día, asumindo a achega dun terzo do custe que cada usuario do servizo empadroadado no concello de Nigrán represente para Mancomunidade.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Refírese aos antecedentes e explica a necesidade de adoptar o acordo de ratificar a participación municipal neste servizo. O custo será de 15 € diarios por usuario de Nigrán. Xa que non hai posibilidade dun centro municipal propio, esta é unha alternativa interesante.

Dña. Dolores Araujo Duarte, do grupo socialista: Apoiarán o acordo. Faltan informes dos Servizos sociais e da Intervención. Se temos en conta as cifras de usuarios potenciais que resultan dos datos de Plan de igualdade, a insuficiencia do centro é evidente.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: O BNG manifestouse a favor, pola súa filosofía de mancomunar servizos, aínda que isto non dota a Nigrán dun centro de día. Unhas 14 prazas, ás que pode aspirar Nigrán, non cobren as nosas necesidades. A concelleira Pilar Barreiro do BNG conseguiu, na súa etapa, a posta en marcha da Galescola e tiña a intención de implantar tamén este servizo. Votarán a favor a pesar das limitacións sinaladas.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: É un servizo necesario, pero insuficiente, xa que foi deseñado para o Concello de Baiona, e non para a Mancomunidade. Por algo se empeza. Haberá tamén un problema de selección dos usuarios. O avance é que se vaian mancomunando servizos.



Sr. Alcalde-Presidente: No caso de máxima ocupación o custe para o Concello non superaría os 30.000 €. A necesidade é obvia. Hai un documento da Intervención sobre a existencia de crédito municipal suficiente. A Lei de Dependencia establece os criterios de selección dos usuarios. Por algo se empeza. O PP cando estaba na oposición pediu que se incluíse ao Concello na lista de espera dos centros de día, pero non se materializou nin sequera a inscrición nesa lista. Agora estase dando un paso adiante.

Sra. Dolores Araujo Duarte: Van votar a favor. O PSOE de Nigrán non se abstivo na Mancomunidade.

Alcalde-Presidente: O grupo socialista da Mancomunidade abstívose.

Sr. Rodríguez Fernández: Está convencido de que a Concelleira do BNG houbera conseguido o centro de día se tivese rematado o mandato.

Sr. Fernández Comesaña: A Galescola púxose en marcha porque se construíra no goberno anterior.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE e grupo Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 2 de xaneiro de 2012 e o 31 de xaneiro de 2012, ambos incluídos.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:

1.1. Nos últimos tempos téñense estendido por todas partes, non só en Nigrán, os parques de ximnasia de maiores. Os que coincide ver máis son os de Praia América e o da Ramallosa. Este é un tipo de instalación que polo seu tipo de funcionamento require ser engraxada e certo mantemento. ¿Existe algún tipo de mantemento periódico establecido

destas instalacións ou non existe nada establecido? Nalgún caso, coma o de Ramallosa, falta algún elemento.

Sr. Alcalde-Presidente: Non existe nada formalizado. Nin o había nin o hai. Como calquera outra instalación, se revisa e se fai algunha actualización. Hai uns meses recibimos unha inspección da Xunta e parece que despois de solventar algún tipo de problema administrativo que había, parece que as instalacións están ben. O mantemento é fundamental nestas instalacións. Se desde a concellería responsable detectamos algunha cuestión pasaremos a revisar o seu estado e faremos o que se teña que facer.

Sr. Rodríguez Fernández: Tomen, como rogo, o da Ramallosa, porque xa faltan algúns elementos.

1.2. A Alcaldía recibiu un escrito de solicitude de data 27 de xaneiro, por parte dun montón de colectivos membros do Consello Sectorial, solicitando basicamente a convocatoria do Consello Sectorial. Esta solicitude viña sobre todo a raíz das noticias que foron aparecendo en prensa respecto ao vial e outro tipo de cuestións. Sei que vostede contestou o día 8 de febreiro a esta solicitude, pero eu quero reiterarlló aquí no Pleno a través dunha pregunta, para que se exprese aquí claramente no Pleno. ¿Cal é a intención que teñen vostedes respecto ao Consello Sectorial e á súa convocatoria. ¿Pensan convocalo? Se a resposta é afirmativa, ¿cando pensan convocalo?

Sr. Alcalde-Presidente: O plantexamento deste goberno e do grupo que o sustenta é o mesmo que adoptou cando apoiou a formalización do Consello Sectorial: darlle a participación e facer as convocatorias cando haxa que facelas e cando se considere que hai que facelas. É certo que hai uns membros do Consello Sectorial que solicitaron unha convocatoria do Consello Sectorial, entre outros aspectos para aclarar certas cuestións coma o tema de infraestruturas viarias. Representantes dos diferentes grupos políticos no Consello Sectorial despois das eleccións municipais, e algún tema a maiores sobre cuestións que aquí se aprobaron relativas a suxerencias do Consello Sectorial que aquí, no Pleno, se se aprobaron. A contestación a esa carta foi que a miña vontade é convocar o Consello Sectorial proximamente. Estou preparando documentación para que esa reunión se faga con documentación que clarifique todos os puntos que aí están e o que queremos é darlle a vida que ten que ter o Consello Sectorial e para o que se creou. O que está claro é que todos os puntos que se me pide que se aclaren no Consello Sectorial, a pesar de que se di que desde que nós chegamos nunca se convocou o Consello Sectorial nin ás asociacións de veciños é absolutamente falso, porque se convocaron diversas, senón me equivoco, seis, reunións de portavoces, para traballar sobre o Plan Xeral. Se convocaron antes de enviar o documento do Plan Xeral a Santiago, reunións cos grupos políticos, coas asociacións de veciños, e se presentou aquí, nesta mesma sala, ao propio Consello Sectorial as directrices do documento que se mandaba a Santiago, incluso falando da cuestión do vial, que non hai nada que ocultar, que aquí se comentou ao Consello Sectorial e ás asociacións de veciños en particular, e que os grupos políticos saben perfectamente o plantexamento que se adoptou, e que da algunha maneira é coñecido desde hai anos. A cuestión do vial está máis que clara desde hai anos. O problema era



que aínda tendo claro unha cuestión como era o do vial, de que había unha obriga por parte da Consellería correspondente para que Nigrán trazase un vial, nas memorias, nos documentos anteriores se dicía que había esa obrigatoriedade, pero se omitía o seu trazado nos planos dese documento. O único que se fixo neste momento é, igual que se incorporaba dentro da memoria dos documentos presentados aos diferentes colectivos e demais, durante a etapa anterior, agora o que se fai é dar traslado dunha proposta deste Concello á Consellería, para que ese vial, que é competencia supramunicipal, pero que hai a vontade de que Nigrán teña moito que dicir sobre o trazado dese vial, pois se manda unha proposta. Proposta, que incluso o goberno anterior tiña unha, e que nós modificamos, porque considerábase que era máis favorable, porque había un trazado anterior que pasaba por vivendas de veciños deste municipio, e a nosa proposta é salvando esas dificultades. Esa é a realidade. Polo tanto o Consello Sectorial se convocará, e estou preparando documentación para que quen veña, veña documentado e saiba do que vamos a falar.

2. D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:

2.1. Vostede antes fixo alusión a un escrito sectorial de Augas de Galicia contestando aos informes preceptivos remitidos polo Concello de cara ao Plan Xeral. Me gustaría saber se as demais administracións implicadas nos informes sectoriais contestaron e tamén a Xunta, que creo que o prazo xa está superado, para emitir o informe preceptivo para a aprobación inicial.

Sr. Alcalde-Presidente: De momento oficialmente só contestou Augas de Galicia, e ADIF en canto a que non temos infraestrutura ferroviaria. En canto aos prazos da Xunta si é certo que desde que mandamos o documento pasaron máis de dous meses xa, e que os prazos supostamente vencían, pero o que pasa é a Xunta a través da Consellería nos foi demandando algunha documentación máis que dalgunha maneira van freando eses prazos. En conversacións directas coa Directora Xeral, Encarnación Rivas, e co departamento que ten que informar o Plan Xeral, coas datas que me din, eu espero que en poucas semanas teñamos xa aquí o informe da Xunta no sentido que teña que ser. O que está claro é que se nos foi pedindo información e máis documentación, e incluso parte do Servizo Provincial de Costas, e cuestións que tiñamos que aclarar. E iso lamentablemente frea prazos. O que temos claro é que esperemos que antes de semana santa estea aquí o documento para a súa aprobación inicial.

Sr. Fernández Comesaña: A demora é evidente. Vostede di que houbo requirimentos de documentación. Non sei se é documentación complementaria ou se era aclaración do remitido no seu día. ¿Se pode aclarar en que termos é a aclaración, se é a través dos núcleos rurais, se é moi concreta a petición por parte da Xunta ou se é algo máis xenérico? O tema de que haxa organismos que aínda non informaron tamén é preocupante, e a demora que se está producindo, como Costas, dada a complexidade que supón. Todo isto vai a engadir un proceso de ralentización para a aprobación inicial. Vostede fala de semana santa, a min xa me gustaría que antes de final de ano poidamos ter a aprobación inicial.

Sr. Alcalde-Presidente: En termos xerais, a demanda de documentación son cuestións de planimetrías, formatos dixitais, formatos papel, etc, para complementar o que xa se lle mandou.

2.2. Nos últimos días vimos asistindo a unha serie de queixas por parte dos mariñeiros de Panxón con respecto a actuacións no Porto de Panxón. Me gustaría saber en que situación se atopa o expediente e se a reunión que vostede dixo que ía a manter con eles en que termos foi e como está plantexada a resolución do conflito.

Sr. Alcalde-Presidente: Hai unha cuestión que é a de por en marcha unha liña marítima de pasaxeiros a Baiona e a Cíes, e incluso se trataría de levala a Vigo. Iso xera debate. Os mariñeiros estiveron informados desde o primeiro momento, e cos que eu falei acompañado por Portos de Galicia. A Confraría tamén tiña o seu representante, o Patrón Maior. Sempre se lle foi comentando cales eran as circunstancias que amparaban a colocación desa liña. É certo que no principio se puxeron unha serie de cuestións como era a do espazo, a de non ocupación da escaleira do muelle, que eles utilizan para o seu día a día. Foron cuestións que fomos salvando, coa instalación dun pantalán cunha escaleira propia que non dificultaría para nada o día a día dos mariñeiros. O problema está posiblemente na interpretación ou nas formas que se utilizaron ultimamente. Me refiro no seguinte sentido: o problema que se suscita da implantación ou non desta liña é por espazos. O establecer un pantalán ao final do muelle implica ocupación dun espazo polo pantalán e polo barco que vai atracar. Tal e como están ordenados os fondeos neste momento implica un exceso de cercanía dese pantalán cun fondeo que existe agora mesmo alí. A cuestión que se lle plantexa é que Portos de Galicia en comunión cos mariñeiros poida ordenar eses fondeos, porque desde Portos de Galicia se di que hai espazo suficiente cunha ordenación dos mesmos para que non se xere ningún problema. Isto non implica para nada, e eu podo garantizalo, porque eu mesmo llo manifestei a Portos de Galicia e aos mariñeiros, que non se quere botar a ninguén nin se vai a botar a ninguén, como se manifestou publicamente. O único problema que implica a liña é o movemento uns metros dun único fondeo, que agora mesmo está instalado na punta do muelle. É certo que o momento dese fondeo ao mellor implica a reordenación de tres máis, pero non se vai a botar a ninguén. É certo que tivemos aquí unha reunión. Os mariñeiros están convencidos de que si, que se lles quere botar, aínda que se lle diga por activa e por pasiva que non. Non sei se o entenden ou non. O que eu si recoñecín é que despois das festas de Nadal apareceron no porto de Panxón uns papeis advertindo de que había que ordenar a lámina, que molestou aos mariñeiros. Eu non era coñecedor dese papel que puxo Portos de Galicia. Hai que saber que Portos de Galicia é o que ten competencia sobre o porto. Lles dixeran que era normal que se houberan molestado, porque as formas non eran as mellores. Portos de Galicia xustificou que o único que dicía o papel era o que di a lei, que a vontade de Portos non é outra que a que se manifestou nas diferentes reunións, que era acometer unha ordenación deses fondeos que existen na actualidade para que dalgunha maneira poidamos por en marcha unha liña marítima, que creo que é positiva para Panxón e para o municipio. A cuestión creo que está en falta de capacidade para interpretar o que realmente é a cuestión ou de non querer atender o que se lle di desde aquí. A verdade é que desde aquí o que se quere é que se poida convivir, porque creemos que se pode convivir.



Sr. Fernández Comesaña: Polas súas palabras parece que na relación co colectivo de mariñeiros non hai sintonía para reordenar ese espazo. O que non se pode é desvestir un santo para vestir outro. Se é unha actuación que se vai a levar a cabo, ten que ser de común acordo coas partes, e sobre todo, cun sector primordial. A oportunidade ao mellor desa idea que se quere levar a cabo ao mellor non está suficientemente estudada. Non se sabe se vai ser economicamente rentable. Non sei se hai estudos serios. Ao mellor xeramos un conflito agora innecesario. Sería interesante non romper o dialogo coas partes afectadas e tratar de chegar a un entendemento. Os mariñeiros piden a prolongación do espigón do muelle. Esa é unha obra que aparentemente parece necesaria, pero haberá que ver se tecnicamente é posible en canto a que as correntes e as mareas poidan afectar á praia no seu conxunto. Quizais os mariñeiros estean preocupados, porque o que se manifestara inicialmente, de levar a cabo iso ou establecer os estudos, parece que por parte de Portos de Galicia se aparcou e parece que non hai perspectiva de que se faga.

Sr. Alcalde-Presidente: Si hai perspectiva, incluso Portos de Galicia desmentiu, cando é certo que anulou a contratación dese estudio, porque argumentou cuestións presupostarias e incluso dun proceso de contratación que querían retomar porque consideraban excesivo o custe. Cando saíu a información de que Portos de Galicia rechazaba a inversión no porto, ao día seguinte o presidente de Portos de Galicia saíu publicamente dicindo que non, que o compromiso aínda existe e que será formal no momento en que a Xunta de Galicia teña os presupostos aprobados e Portos de Galicia teña a partida para iso. O compromiso de Portos segue aí. O que queremos nós como goberno é conseguir unha infraestrutura máis que necesaria, porque as condicións na que están as embarcacións en Panxón non son as mellores para un porto coma o de Panxón, cun potencial importante que pode ser un motor económico para o Concello. É certo que piden a ampliación do espigón. Eu non sei se é a mellor solución ou non, pero loitaremos porque se fagan os estudos e a actuación que corresponda.

2.3. Na estrada pola vía se está procedendo á colocación de báculos de alumeado. Pregunto se a retirada de alumeado municipal, os báculos e cableado van a ser depositados e recuperados para o Concello.

Sr. Alcalde-Presidente: A actuación está sendo en paralelo. Antes de colocalas eles, temos que retiralas nós. Se están gardando.

2.4. Con respecto ao alumeado do Paseo Marítimo, preocupaba o destino que tiveran os báculos de fundición que foron instalados no seu día, que foron reemprazados por unha empresa, que parece ser que os cedera de forma gratuíta ao Concello, que por certo, vostedes insistían, con bo criterio, que o Concello non aceptara esa cesión gratuíta nin se incluírán no inventario municipal. Me gustaría saber se fixeron algunha xestión. O Pleno debería aceptalos. ¿Onde están os báculos retirados?

D. José Álvarez Valverde, concelleiro delegado: Están no almacén.

2.5. Con respecto ás obras de urbanización da Romana, con deficiencias na súa execución, quería saber se foi devolta a fianza á empresa adxudicataria que fixo as obras.

Sr. Alcalde-Presidente: É un problema, porque ademais de problemas que xeran os avais pedidos a particulares, desde fai anos, para actuacións de humanizacións desa rúa, e que está xerando un problema de que a uns si e a outros non. O da humanización da Romana ten o seu problema tamén. Pedir responsabilidades agora, xa non se poden pedir, e o que está claro é que temos que asumir un custe engadido, porque día a día nos din que hai losetas que se levantan e lamentablemente temos que destinar os nosos empregados públicos a que vaian colocando as losetas no seu sitio. Eu creo que é un exemplo de como non se deben facer as cousas. Se a intención é vender unha actuación polo aparentemente ben que quedan, sen amarrar todas as cuestións ben, é o exemplo de o que non se debe facer. Temos un problema co asunto, e sobre todo a quen lle reclamamos todo isto.

Sr. Fernández Comesaña: ¿Cando foi devolta a fianza? As deficiencias eran evidentes ao pasar pola zona. Me gustaría saber en que informes técnicos se sustentou a devolución desa fianza.

Sr. Alcalde-Presidente: Se lle facilitará a data en que se fixo.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.